

Elabora unha narrativa explicando as características do sistema político da Restauración e as súas consecuencias no longo prazo usando os datos dos documentos que xuntamos. Debes salientar, facendo as referencias oportunas á Galicia:

1. As causas estruturais do funcionamento das redes clientelares: as relacións entre clientes e caciques / patróns e as consecuencias políticas e sociais no longo prazo.
2. As prácticas corruptas no sistema de quenda dinástica da restauración: coaccións e fraudes electorais, encasillado e aplicación do artigo 29 da Lei Electoral de 1907.
3. A pegada cultural e política do movemento rexeneracionista a partir do *desastre de 1898* e durante a *crise* da Restauración e a evolución das forzas sociais e políticas excluídas da quenda dinástica.

Docto. 1: Promesas electorais de Juan Tutau y Verges aos *electores da Circunscrición de Barcelona* (14 de xaneiro de 1869).

“Os electores que estean conformes co meu programa; os que, como eu, crean que a realización dos principios nel contidos poden erguer a nosa querida patria do marasmo e postración en que a sumiu a Monarquía; os que como eu, entendan que hoxe mais que nunca, non só é posible, senón indispensable para o sustento da orde e para asegura-la paz, a forma de goberno republicana; os que, como eu, estean convencidos da imprescindible necesidade da federación, sen a cal é unha ilusión crer que poidan ter vida propia e independente a Provincia e o Municipio; os que, como eu, queiran rebaixa-las contribucións, simplificando a complicada máquina da nosa administración; os que, como eu, non queiran continuar deixando pechadas as portas ós estranxeiros que non profesen a relixión católica, impedindo á vez a entrada dos seus capitais e o concurso dos seus brazos e da súa intelixencia, tan necesarios para dar impulso á nosa atrasada industria, ó noso lánguido comercio e á nosa abatida agricultura; os que en fin queiran, como eu, que todos sexamos iguais en dereitos e en deberes, que me voten.

Os que só vexan no deputado un axente de negocios; os que queiran fiel e submisos ás súas esixencias, pronto sempre a xestionar no seu favor e os que queiran servirse del para obter empregos, estes que non me voten; garden os seus sufraxios para quen poida aceptar semellantes condicións. Sen independencia non pode cumprir o deputado a súa alta misión, e mal pode conservar a súa independencia quen estea continuamente nas antecelas dos ministros. Xa saben os electores o que ofrezco; saben, ademais, os que me coñecen, que son incapaz de faltar ós meus compromisos”.

Docto. 2: Decreto asinado por Afonso XII a 21 de xullo de 1876:

“Art. 1. Os deberes que a Constitución política impuxo sempre a todos os españois de acudir ao servizo de armas cando a lei os chama, e de contribuír en proporción cos seus haberes aos gastos do Estado, estenderanse como os dereitos constitucionais se estenden, aos habitantes das provincias de Biscaia, Guipúscoa e Álava do mesmo modo que aos demais da Nación...”

Art. 2. As tres provincias quedarán obrigadas, desde a publicación desta lei, a presentar nos casos de quintas ou de recrutamentos ordinarios e extraordinarios do exército, o cupo de homes que lles corresponda, de acordo coas leis.

Art. 3. Quedarán igualmente obrigadas as provincias de Biscaia, Guipúscoa e Álava a pagar, na proporción que lles corresponda e con destino aos gastos públicos, as contribucións, rendas e impostos ordinarios e extraordinarios que consignen os orzamentos xerais do Estado.

Art. 4. Autorízase ao Goberno para que, cando no seu día dea conta ás Cortes, proceda a acordar, con audiencia das provincias de Álava, Guipúscoa e Biscaia se o xulga oportuno, todas as reformas que no seu antigo réxime foral esixan, tanto para o benestar dos pobos vascongados como para o bo goberno e a seguridade da nación”.

Docto. 3: extraído de **Valentín Almirall**, 1899: *España tal como é*.

“En España as eleccións son unha farsa en toda a súa crueza, unha farsa completa, especial exclusiva... O mesmo se o sufaxio é universal que restrinxido, nunca hai máis que un só e único elector: o ministro de Gobernación... Para facer as listas de electores colócanse nelas algúns nomes verdadeiros perdidos entre unha multitude de imaxinarios, e sobre todo de defuntos. A representacións destes últimos, dáse case sempre a axentes disfrazados de paisano para ir votar... Todo o mundo coñece as fraudes e usan delas todos os partidos”.

Docto. 4: extraído de R. **Macías Picavea**, 1899, *O problema nacional, feitos, causas e remedios*.

“¿Como funciona esta singular máquina da política nacional? O primeiro paso son as eleccións, que aparecen aquí como unha institución dos Estados de Dereito modernos, aínda que no fondo sexan un artificio máis do caciquismo. Os caciques designan previamente ós candidatos, que proceden, nos diferentes niveles das eleccións (xerais, provinciais, locais), das súas propias filas. Os do bando contrario fan o mesmo, e a loita electoral simula entón unha contenda política de verdade. Pero a presentación é, en realidade, diferente ... A máquina caciquil comeza a moverse facendo presión... para que todos voten polo candidato proposto. Nun país onde as leis son unha burla, todos, quen máis quen menos, ten algo que perder e só o padroado do caciquismo pode escorrentar ese perigo constante. As vontades mércanse e a razón do número acode vertixinosa a favor do candidato proposto. Non hai escape posible. Froito deste compadreo son os Concellos, Deputacións e Cortes, formados por individuos seleccionados, non polas súas preocupacións e saberes neste ou naquel problema, senón polo seu apego ós Sumos Caciques. O que segue ás eleccións non é unha política enraizada nos intereses nacionais, senón unha actitude de intrigas e cambadelas, que pouco a pouco vai arruinando a moral pública do país”.

Docto. 5: Xaquín **Costa**, *Oligarquía e caciquismo* (1901-2).

“Cada rexión e cada provincia estaba dominada por un particular irresponsable, deputado ou non, vulgarmente alcumado como cacique; sen a súa vontade ou beneplácito non se movía unha folla de papel, non se despachaba un expediente, nin se pronunciaba un fallo... nin se acometía unha obra; para el non había lei de quintas, nin de augas nin de caza... nin regulamentos da Garda Civil, nin Constitución política do Estado; Xulgados, Audiencias e Administración central eran un instrumento seu, nin máis nin menos que se fosen creados só para servilo. Non había que preguntar se tiñas razón, se a Lei estaba da túa parte, para saber como se fallaría un preito, como se resolvería o expediente, había que preguntar se lle era indiferente ao cacique, e polo tanto, se se mantiña neutral, ou se estaba convosco ou contra vós. Era declarado exento do servizo militar quen el quería que o fose... Facíase xustiza cando el tiña interese en que se fixese e resolvíase a sabendas contra lei cando non tiña razón aquel a quen el quería favorecer; encarcerábase a quen el tiña por ben, aínda que fose o máis inocente; a quen quería liberar do cárcere, liberábase, sacándoo sen fianza, aínda que se tratase dun criminal, imponíanse multas se era a súa vontade que se impuxese, houbera motivo ou non”.

Docto. 6: **Denuncia dunha fraude electoral** en *La Voz de Galicia* (15-11-1905).

“Un individuo con blusa [obreiro] di ser tenente retirado da Garda Civil. ‘Eu son do benemérito instituto, estamos? E a moita honra’, conseguindo votar... Irrompe un barbudo que case rompe a furna coa súa embestida; logo de ‘meditar’ moito ‘quen é’ alega ser un presbítero ex-director de El Diario de Galicia e profesor do Colexio católico, conseguindo votar... O caso máis flagrante foi o dun individuo con trazos de aquilón de peirao, cheirando a viño e con grandes botas de auga, que se proclama impávido, freire dominico. ‘Pero e os hábitos?’, ‘Vosté non ten por que meterne na viña vida privada’ replicou e votou entre múltiples protestas”.

Docto. 7: “**Recomendaciones para las elecciones**” (follas soltas na carpeta do Sindicato Católico Agrario de Moraña, Arquivo privado de José Casal Porto).

[...] ¿Son amigos los presidentes adjuntos?. De ser así se cubren las listas de votantes en casa y la demás documentación procurando saltar mucho la lista del censo y que no pase del 75 por ciento. Se constituye la mesa sin dar posesión a los interventores contrarios. Si se les dan como no han de querer firmar, se hace constar al final del acta que se resistieron a hacerla. Se hace la votación con toda formalidad y al escrutinio se mandan en vez de actas unos documentos al correo, echando otros. No se dan certificaciones ... Otro procedimiento. Se constituye todo formalmente. Se requiere por el presidente a la Guardia Civil para que

desaloje el local y registre a los votantes. Se hace una vanda [sic] de unos cuantos afectos que voten repetidas veces por los ausentes nuestros que no figuren en la lista dada por el juzgado ... si hay discusión se deja para el final y al final por mayoría de la mesa (presidente y adjuntos) se vota la admisión de los votos con la Guardia Civil en el local ... Otro. Se llevan todos los documentos firmados en blanco, con las firmas de los amigos falsificadas se hace todo verdad. Al final se dan certificaciones pero despues se hace otra documentación verdadera que se lleva a la secretaría y al correo ... Otro. Se escribe algo en las credenciales (nombre de los candidatos, votos), se raspa, se hace todo y se vuelve a escribir encima. Despues se puede hacer otra documentación ... Otro. Como el presidente tiene autoridad plena dentro del local puede mandar venir a los principales y en tanto otros agentes ponen miedo o conquistan a quien se pueda ... Otro. Si se cuenta con la cartería y la secretaría del Juzgado suplantarlos todo. Si hay marcha de aspirantes ver si se logran suplentes y no dar posesión a los contrarios por llegar tarde ... En caso de apurada arrancar una discusión, suspender la elección, lo cual hará el presidente diciendo que ya se anunciará en forma legal. Se comunica la suspensión a la central ... y en una nueva fecha se va unas horas al colegio y aqui paz y despues gloria. Se cubren las actas en casa, etc, etc ... Si toda la organización es contraria hay que exigir la cédula para la identificación de los electores y procurar tener una prueba de todos los abusos y que se consignen las protestas en las actas ... Si hay notario puede dar fe de los abusos o de acuerdo con algún chusco que cierre la puerta del local, decir en el acta que a la hora tal vió cerrada la puerta. En este caso de ahora lo esencial sería evitar pucherazo presenciando la votación”.

Docto. 8: extraído de **Lois Peña Novo**, “Falando para todos”, *A Nosa Terra* (30-3-1918).

“... Non acabades de ollar co exemplo das derradeiras eleccións que en Galicia non gobernan as Cortes, nin o estado nin as autoridades?. Non acabades de decatarvos que gobernan, na Coruña García Prieto e Gasset, en Pontevedra o marqués de Riestra, en Ourense Bugallal, en Lugo e no resto de Galicia enteira o señor González Besada, presidente honorario desta compañía de caciques?”.

Docto. 9: extraído de **Vicente Risco**, [1930], 1981, "El problema político de Galicia", *Obra completa*, p. 196.

“Galicia es gobernada por una vasta organización caciquil dispuesta y dirigida desde Madrid... Se han creado en Galicia dos clases de organismos político-administrativos, artificiales y enteramente inadaptados a la realidad social gallega: las Diputaciones provinciales y los Ayuntamientos rurales... Como no responden a ninguna realidad, se mueven entre la indiferencia del pueblo, y sólo van a ellos los que aspiran a mandar, a hacer carrera en la política; es decir, los caciques o sus mandatarios... El cacique depende principalmente, del Ministerio de la Gobernación... El caciquismo es un gran árbol invertido, que, teniendo sus raíces en la burocracia central, extiende sus ramas por todo el país... Es un fruto, por cualquier lado que se le mire, de la organización centralista... Ningún partido caciquil se mueve en Galicia si no es con la anuencia del Gobierno”.

Docto. 11: **A. Rivera, 1998, "Orden social, reforma social, estado social"** en S. Castillo e J.M^a.

Ortíz, coords., *Estado, protesta y movimientos sociales*, UPV, Bilbao, paxs. 7-8 e 15.


“... El cuadro de intenciones de Canalejas coincide con las áreas donde se necesitaba una transformación que acompañara a la social: la reforma fiscal, el impulso de la educación, la transparencia del mecanismo democrático, la consideración de la democracia como un sistema de gobierno social ... La modernización del aparato económico o la división entre el Estado y la Iglesia ... Este reformista asume que el Estado tiene que proporcionar un nivel de vida y unas garantías mínimas al ciudadano para que este se sienta identificado con su país como proyecto político nacionalizando la Monarquía y consiguiendo que el Estado efectúe una transformación social que produzca auténticos ciudadanos”.

Docto. 12: **Castelao, A.D., 1980, *Sempre en Galiza***, pax. 48: “Os labregos nin son obreiros nin patróns ... A súa propiedade non pasa de ser unha simple ferramenta de traballo. Así caen mellor nas gadoupas do fisco e da usura. Os labregos ven o Estado en figura de recaudador de contribucións. Témenlle á xusticia oficial, porque nunca se lexislou pra eles. Por eso necesitan un cacique que os libere das inxusticias da Lei e das liortas abogadescas”.

Docto. 13: Anaco dun **mitin** de **Antón Vilar Ponte** en Ferrol o 11-II-1917 (*A Nosa Terra*, nº 10, p. 2): “Fixádevos no que é hoxe Galicia. Unhas cantas cibdades e vilas, cheas de señoritos desertores do traballo... Que reciben beneficios do Estado, según teñan ou non caciques influentes en riba... E logo, unha Galicia rural, unha Galicia traballadora, que é toda Galicia pra o caso... Hai que facer da Galicia de señoritos

andróxinos unha Galicia de señores labregos... A Galicia europea será rural porque as canteiras da nosa riqueza propia están no campo e están na mariña".

Docto. 14



Docto. 15



Docto. 16



II. Valoracións de diferentes especialistas na historia política da Restauración sobre as causas, as características e as consecuencias do sistema da quenda dinástica alicerzado no encasillado, o clientelismo e o fraude electoral.

Docto. 17: **Forner, S.**, 1997, *Democracia, elecciones y modernización en Europa, ss. XIX y XX*, Cátedra, Madrid, p. 245): "El retraso en la concentración poblacional en núcleos de cierta entidad fue la causa del muy bajo grado de socialización política existente"

Docto. 18: **Suárez Cortina**, 1997, *La Restauración entre el liberalismo y la democracia*, Alianza Universidad, Madrid, pax. 15): "Los elementos de arcaísmo con unos modos de vida rural y provinciana no estaban bien dispuestos al cambio y al dinamismo".

Docto. 19: **Rivera, A.**, 1998, "Orden social, reforma social, estado social" en S. Castillo e J.Mª. Ortíz, coords., *Estado, protesta y movimientos sociales*, A.H.S.-UPV, Bilbao, cita das paxs. 7-8 e 15): "La consideración de la bondad de las intenciones de los gobernantes conservadores españoles encuentra un déficit serio: la incapacidad de estos dirigentes para conectar y representar a sus bases sociales y para conducirles hacia soluciones evolutivas y democráticas que impidiesen su inclinación final al autoritarismo... Defender que la presión de la población en sentido democratizador fue baja para exculpar a los gobernantes de la Restauración es colocarse en el mismo nivel de cinismo que les caracterizó a ellos".

Docto. 20: **RIQUER I PERMANYER, B.**, 1999, "A vueltas con la Restauración", *Revista de libros*, nº. 25, cita da pax. 9: "El sistema creado por Cánovas inició en España un proceso de normal apertura política que habría culminado en una auténtica democratización. Pero esa posibilidad fue truncada por una irresponsable impaciencia de los políticos e intelectuales de izquierdas y por las exigencias insolidarias de los nacionalistas catalanes".

Docto. 21: Lectura do ensaio "Me duele España" dispoñible en liña en <http://justoserna.wordpress.com/2009/05/29/%C2%BFme-duele-espana/>.